

LEYMAH ROBERTA GBOWEE

Naceu en 1972 en Liberia. Cando tiña 17 anos comeza a Primeira Guerra Civil Liberiana e Leymar, a súa nai e as súas irmás tiveron que fuxir a Ghana, país no que viviu xunto con milleiros de persoas liberianas desprazadas. Loxicamente, isto marca definitivamente a súa existencia, reforzando a súa vocación de adicarse ás vítimas, á causa da paz e a reivindicar o papel protagonista das mulleres africanas na sociedade.

Nai de seis crianzas, decatouse de que se algo debía cambiar na sociedade, o cambio tería que vir das mulleres. Daquela, Leymah, de relixión cristiá, organizou a Rede de Mulleres para a Construción da Paz da que formaban parte mulleres de distintas etnias e relixións. Xuntábanse no mercado, pois ese era o sitio ao que acudían as tropas para recrutar as crianzas para o campo de batalla.

Leymah foi a lideresa dun movemento pacifista que marchaba en silencio, vestidas de branco para simbolizar a paz. Axiña se converteron nunha forza política de protesta de non-violencia e contra o goberno. Actuando como mediadoras, conseguiron poñer fin á guerra civil do país, promovendo unha folga de sexo para forzar aos seus maridos a deixar as armas. Estas accións, xunto coa presión internacional, lograron a dimisión do ditador Charles Taylor en 2003, quen fuxiu a Nixeria.

A Liberia chegara por fin a paz. Leymah respaldou a candidatura de Ellen Johnson-Sirleaf ás eleccións para a presidencia de Liberia, quen asume o cargo en 2006.

No ano 2011 o seu labor é recoñecido co Premio Nobel da Paz, galardón que recibiu xunto con Ellen Johnson-Sirleaf e Tawakol Karman.

Leymah Roberta Gbowee, unha muller comprometida cos dereitos das mulleres, coa paz e coa xustiza social que traballa arreo na construción dun mundo mellor. Unha auténtica referente mundial na loita pola participación das mulleres como axentes imprescindibles para o éxito de calquera política de desenvolvemento e progreso social.

Lucía García Fernández

1º Bacharelato C